

**PREGO DE CONDICIÓN ECONÓMICO ADMINISTRATIVAS
PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO**

**DE RESTAURACIÓN DA FACHADA DA
QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E
PORTA DE ABADES, XIROLA E TERRAZA
SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO
DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

MEDIANTE CONCURSO CON PUBLICIDADE

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. OBXECTO DO CONTRATO

1.1. O obxecto do contrato será a realización das obras de DE RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E PORTA DE ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO da Catedral de Santiago de Compostela, de acordo co proxecto redactado polos Arquitectos Adrián Martín Prieto, Elena Sarmiento Díez, Óscar Andrés Quintela e Iván Andrés Quintela. As obras consisten fundamentalmente na limpeza e restauración dos paramentos dos devanditos ámbitos de intervención, a substitución do pavimento da terraza sobre a tribuna do deambulatorio, así como nunha pequena operación de reforzo estrutural da balaustrada e pináculos da terraza da Xirola Alta.

1.2. Terán carácter contractual as memorias descritiva e construtiva, os cadros de prezos, o prego de prescricións técnicas, os planos e o programa de traballo, complementado neste caso co que presente o adxudicatario na súa proposta de licitación, unha vez aprobado pola Fundación Catedral para as obras na catedral.

Polo anteriormente exposto, os citados documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, en proba de conformidade, no acto mesmo da formalización do contrato.

2. ORZAMENTO DO CONTRATO E EXISTENCIA DE CRÉDITO PRESUPOSTARIO

O valor estimado total do presuposto de contrata sen incluír o I.V.E. é de **1.073.476,99** euros.

O I.V.E. correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a **225.430,17** euros.

A oferta deberá incluír directamente no prezo o I.V.E., se ben deberá detallarse expresamente a súa cantidade.

O sistema de retribución configúrase como de prezo pechado, co efecto de que o prezo ofertado polo adxudicatario se manterá invariable non sendo abonables as modificacións do

contrato que sexan necesarias para corrixir erros ou omisións padecidos no seu caso na redacción do proxecto.

Asemade o importe total do prezo polo que sexa adxudicado o contrato non sufrirá incremento ou diminución algunha por razón das diferenzas que puideran resultar entre as medicións reais e as distintas unidades de obra.

3. PRAZOS

3.1. O prazo máximo de execución das obras será de oito meses a contar dende o inicio das mesmas.

3.2. O citado prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidera cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente e se autorice a súa prórroga.

4. REVISIÓN DE PREZOS E MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

4.1 Revisión de prezos.- Con un prazo máximo de execución da obra inferior a dous anos, na presente contratación non haberá revisión de prezos.

A obra contratarase a prezo pechado, polo que non haberá un reaxuste a alza dos prezos. As modificacións que no transcurso da execución das obras puidera producirse sobre o determinado e fixado no proxecto, deberán contar coa autorización da Fundación Catedral e o encargo da Dirección Facultativa, e deberán ser asumidas polo Adxudicatario.

Sempre que, a tenor do anteriormente exposto prodúzase algunha modificación sobre o proxecto deberase aplicar os prezos unitarios e descompostos do proxecto e a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario sobre o prezo de licitación.

Se no proxecto non existise un prezo unitario e descomposto aplicable á modificación proposta, xa afecte a materiais, medios auxiliares ou calquera outro capítulo, aplicaranse os prezos establecidos na base de datos de Guadalajara e/ou a base de datos PREOC do ano correspondente á licitación da obra mantendo os prezos unitarios existentes no proxecto e a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario sobre o prezo de licitación.

Se non existise nas bases de datos mencionadas un prezo de referencia equivalente, o novo prezo non previsto calcularase axustado aos prezos de mercado; o cal en caso de desacordo co adxudicatario, determinarase pola Dirección Facultativa previo cotexo de dous orzamentos. A este prezo aplicaráselle a mesma baixa porcentual que a ofertada polo adxudicatario.

Consonte ás anteriores modificacións, no seu caso, so será posible unha liquidación, a efectuar na certificación final, por un importe máximo do 10% do presuposto e mantendo os prezos das partidas do proxecto, sempre que a Dirección da obra valide a súa necesidade e a Fundación Catedral a aprobe.

4.2 Modificacións do contrato. *A Fundación Catedral como órgano de contratación ostenta a facultade de modificar o contrato, con suxeición ao disposto na presente cláusula, sendo dita modificación, no caso de acordarse obrigatoria para a contratista.*

O contrato só poderá ser modificado pola Fundación Catedral cando concorran razóns técnicas que exixan a variación de materiais e / ou a adopción de solucións construtivas distintas das previstas no proxecto, con informe da Dirección Facultativa, dándose previa audiencia á contratista por prazo de dez días naturais.

Naqueles supostos nos que a modificación esixida excedese o límite do 10%, á alza ou á baixa, e nos supostos nos que a contratista se opuxera ós termos da modificación, a Fundación Catedral poderá acordar a resolución do contrato pola imposibilidade de executar a prestación

nos termos inicialmente pactados, a fin de garantir o respecto ós principios de publicidade, concorrència, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación así como eficiencia dos recursos públicos.

De acordarse a resolución pola Fundación, procederase a aboar á contratista a liquidación da obra executada pendente de pago, tendo dereito, de acreditarse a concorrència de danos e prexuízos, a unha indemnización máxima do 3% do importe da prestación deixada de executar, salvo que a causa sexa imputable á contratista ou esta rexeite a modificación proposta pola Fundación.

Resolto o contrato a Fundación poderá optar por volver a licitado, incluíndo as modificacións no obxecto que motivaran a resolución ou ben por non volver licitar as obras.

II. FORMA DE ADXUDICACIÓN

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán contratar coa Fundación Catedral as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española das que a súa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Quen pretenda resultar adxudicatario do contrato, non poderá atoparse en ningunha das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenadas as persoas físicas, as persoas xurídicas ou os seus representantes, mediante sentenza firme por delitos de asociación ilícita, corrupción en transaccións económicas internacionais, tráfico de influencias, suborno, fraudes e exaccións ilegais, delitos contra a Facenda Pública e a seguridade Social, delitos contra os dereitos dos traballadores, malversación e receptación e condutas afíns, delitos relativos á protección do medio ambiente, ou a pena de inhabilitación especial para o exercicio de profesión, oficio, industria ou comercio.
- b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do concurso.
- c) Ter sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de disciplina de mercado, en materia profesional ou en materia de integración laboral e de igualdade de oportunidades, ou por infracción moi grave en materia social, incluídas as infraccións en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co disposto no texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións no Orden Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como por infracción moi grave en materia medioambiental, de acordo co establecido na normativa de referencia.
- d) Non atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen.
- e) Ter incorrido en falsidade ó efectuar a declaración responsable de non incorrer en prohibicións para contratar ou ter incumplido, por causa imputable, a obriga de comunica a información relativa á clasificación da empresa ós efectos da contratación.
- f) Estar incurso a persoa física ou os administradores da persoa xurídica en algúns dos supostos da Lei 5/2006, da Lei 53/1984 ou tratarse de calquera cargo electo regulados na Lei Orgánica 5/1985, nos termos establecidos na mesma.

- g) Ter causado a resolución firme dun contrato coa Administración.
- h) Ter prohibido contratar coa Administración.
- i) Estar afectado por unha prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa, consonte á normativa de subvencións ou á Lei Xeral Tributaria.
- j) Ter retirado indebidamente a súa proposición ou oferta nun procedemento de contratación previo do Arcebispado de Santiago ou da Fundación Catedral de Santiago. Tampouco poderán contratar, nin ser subcontratas da contrata principal, as persoas ou empresas que haxan sido anteriormente obxecto de resolución de contrato ca Fundación Catedral.

A realidade de non atoparse incursos en ningunha desas circunstancias poderase acreditarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Se non se puidese expedir documento, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

Os empresarios deberán contar, asemade, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso sexa esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato. Atendidos o importe do contrato obxecto do presente prego e a especialización esixible para a execución das obras ás que se refire, requírese ós que pretendan resultar adxudicatarios do contrato estar en posesión da cualificación administrativa correspondente o grupo K, subgrupo 7, categoría E (corresponde a categoría 4 del RD 773/2015). No caso de presentarse en UTE, todas as empresas integrantes deberán ter esta mesma cualificación.

6. OFERTAS DOS INTERESADOS

6.1.- As ofertas presentaranse na sede da Fundación Catedral, na rúa do Vilar 1-1º de Santiago de Compostela. Nestas dependencias poderase realizar o exame do prego e demais documentación. O prazo para a presentación das ofertas será de vinte e seis días naturais contados a partir da publicación deste concurso no Diario Oficial de Galicia.

Para recibir a documentación do concurso e necesario asinar previamente por parte do representante da empresa que licita un acordo de confidencialidade no tratamento da información que se entrega.

6.2.- Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das obras obxecto do contrato.

6.3.- Cada interesado poderá presentar só unha oferta co obxecto do contrato, sen que se podan presentar variantes ou alternativas.

7. DOCUMENTACIÓN QUE HA DE SER PRESENTADA

7.1. Forma de presentación das ofertas.

Os empresarios deberán presentar as ofertas en tres sobres cerrados, facendo constar no exterior de cada un deles o sobre do que se trata, o obxecto do expediente de contratación ó que se refire a proposición e a súa identidade (nome, número de identificación fiscal, dirección postal, teléfono, correo electrónico). Os sobres serán os seguintes:

☞Sobre A: Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos+

☞Sobre B: Documentación relativa a criterios avaliábeis por medio dun xuízo de valor+

%Sobre C: Proposición económica+

Todos deberán estar asinados no seu exterior polo empresario ou polo seu representante, indicando o lugar e data. En todo caso, os licitadores deberán facilitar unha dirección de correo electrónico a través da que se realizarán as comunicacións e notificacións oportunas.

Os sobres deberá conter a seguinte documentación:

%Sobre A: Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos+

Deberá conter unha declaración responsable conforme ó contido do %Anexo I+na que se poñan de manifesto as seguintes circunstancias:

- 1.º Que o empresario ten a capacidade xurídica e de obrar necesaria para a execución do contrato e que, de acordo co seu obxecto social, pode presentarse ó concurso, así como que o firmante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e de aquel.
- 2.º Que cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica esixidos no prego.
- 3.º Que nin o empresario nin, no seu caso, o firmante da declaración, se atopa en ningunha das circunstancias enumeradas no apartado 5 do presente prego que non permitirían contratar coa Fundación Catedral.
- 4.º Que está ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- 5.º. Que o empresario se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios materiais e persoais suficientes.
- 6.º. Que, no caso de ser requirido a tal efecto, está en disposición de presentar a documentación para acreditar o cumprimento das circunstancias manifestadas nos parágrafos precedentes e demais que resulten precisas.

%Sobre B: Documentación relativa a criterios avaliábeis por medio dun xuízo de valor+

Deberá conter a documentación relativa ós medios persoais e materiais mínimos e melloras nos mesmos; memoria descritiva, construtiva e de planificación da obra; memoria de Seguridade e Saúde e implantación na obra; memoria ambiental; memoria de calidade; melloras na garantía; e traballadores discapacitados a efectos de poder desfacer un posible empate.

Incluirase toda a documentación que permita estudar as proposicións de conformidade coas referencias técnicas do apartado 8 do prego.

%Sobre C: Proposición económica+

Deberá conter a oferta económica para a execución da obra conforme ó contido do %Anexo II+

7.2. Presentación da documentación acreditativa da capacidade para contratar.

Valorada a documentación presentada nos sobres B e C e clasificadas por orde decrecente as proposicións pola comisión de valoración á que fai referencia o apartado 9.1 do presente prego, a mesma procederá a requirirlle ó empresario que obteña maior puntuación por presentar a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ó de recepción do requirimento, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar sinalada nos apartados seguintes.

O empresario tamén deberá acreditar no mesmo prazo a disposición efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

7.2.1. Personalidade e capacidade do empresario.

Se a empresa fora persoa xurídica presentará escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

No suposto de concorrer un empresario individual acompañará o Documento Nacional de Identidade e, no seu caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

7.2.2. Declaración responsable de non estar incursos en prohibicións para contratar

Os licitadores deberán presentar declaración deste carácter, facendo constar que non se encontran comprendidos en ningunha das circunstancias de incapacidade ou de prohibición para contratar conforme a lei.

A Fundación Catedral poderá comprobar en calquera momento a veracidade e exactitude desta declaración, estimándose a súa falsidade como causa de resolución do contrato.

7.2.3. Xustificación da solvencia económica, financeira e técnica

1. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, a través dos medios de xustificación que se sinalan a continuación:

A). Solvencia económica e financeira:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras.
- Contas anuais e informe de auditoría nos tres últimos anos.
- Balance y conta de resultados máis recente.
- Certificado de Facenda e da Seguridade Social.

Para poder participar deberá acreditarse un umbral mínimo de obra contratada de 500.000 " nalgún dos últimos tres anos.

B). Solvencia técnica

- Relación das obras de restauración en monumentos que teñan a condición de Ben de Interese Cultural ou catalogados, executadas no curso dos últimos cinco anos, que de xeito acumulativo sumen un valor igual ou superior a 500.000 " , avalada por certificados de boa execución.

8. ASPECTOS OBXECTO DA NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.-

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato con arreglo á seguinte ponderación:

TOTAL: 100 PUNTOS

8.1.a. PROPOSICIÓN ECONÓMICA 0 Æ 50 PUNTOS

A puntuación outorgarase acorde á seguinte formula:

$$\text{Puntuación da oferta} = 50 \times \left[1 - \frac{(\text{Baixa máxima \%} - \text{Baixa oferta \%})}{100} \right] \times k$$

k (factor de ponderación) = 1,5

Considerarase una oferta desproporcionada aquela que rebaixe en 10 puntos porcentuais a media aritmética obtida entre as ofertas presentadas e admitidas como válidas para a licitación. Neste caso o licitador quedará fora do concurso, salvo xustificación fundamentada pola súa parte sempre que a acepte a Fundación Catedral.

Para que ao licitador se lle valore a súa oferta económica, debera alcanzar un mínimo de 25 puntos nas referencias técnicas que presente.

8.1.b. REFERENCIAS TÉCNICAS..... 0 Æ 50 PUNTOS

A. Melloras na adscrición de medios persoais á execución do contrato.....	0 Æ 12 PUNTOS
B. Memoria descritiva, construtiva e de planificación da obra	0 Æ 27 PUNTOS
C. Memoria de Seguridade e Saúde - implantación na obra..	0 Æ 1 PUNTOS
D. Memoria ambiental.....	0 Æ 2 PUNTOS
E. Memoria de calidade.....	0 Æ 5 PUNTOS
F. Melloras no prazo de garantía.....	0 Æ 3 PUNTOS

8.2. No suposto de que aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas licitadoras empaten, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados.

8.3. Medios materiais e persoais mínimos

Os licitadores deberán achegar o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios materiais e persoais suficientes, que deberán concretar na súa oferta. Identificaranse obrigatoriamente as persoas e postos asignados e xuntarase *curriculum vitae* e xustificante da titulación académica . no caso de ser requirida para o posto en cuestión . de cada un dos integrantes de acordo coa relación de medios persoais mínimos.

Este compromiso completarase mediante a presentación da seguinte documentación:

- Se os medios materiais e persoais pertencen xa á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos.
- Se os medios persoais e materiais non pertencen á empresa no momento de presentación da oferta, deberase aportar unha relación dos mesmos, así como a acreditación documental dos requisitos mínimos, acompañando declaración do compromiso por parte do persoal externo ou dos titulares dos medios materiais alleos.

Estes medios materiais e persoais formarán parte da proposta presentada polos licitadores e, polo tanto, do contrato que se asine coa empresa adxudicataria. Por este motivo, deberán ser mantidos durante todo o tempo de realización da obra e incorporados á mesma, sempre que sexan requiridos pola dirección facultativa. Calquera variación respecto a eles deberá ser comunicada a Fundación Catedral e podría ser causa de penalización ou resolución do contrato se con isto deixaran de cumprir estes criterios de selección o solvencia. A efectiva adscrición destes medios considérase obriga esencial.

Establécense os seguintes medios persoais mínimos (terase en conta que os postos de Delegado do Contratista e Xefe de Obra poderán ser desenrolados pola mesma persoa, sempre e cando concorran nela os requirimentos establecidos independentemente para cada un deles):

- *Delegado do Contratista:* Persoa designada expresamente pola empresa e aceptada pola Fundación Catedral con capacidade suficiente para ostentar a representación do Contratista no cumprimento das obrigas contractuais, así como en calquera momento en que sexa necesaria a presenza ou actuación deste e sempre en orden á execución e boa marcha das obras.

- *Xefe de Obra*: Arquitecto ou arquitecto técnico, enxeñeiro ou enxeñeiro técnico, con práctica profesional acreditada de máis de 10 anos en obras semellantes e capacidade suficiente para organizar a execución das obras e poñer en práctica as ordes recibidas da Dirección facultativa así como propoñer ou colaborar con ela na resolución dos problemas que xurdan durante a execución da obra. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra e dedicación plena e exclusiva a estas obras. Terá a obriga de emitir un informe mensual que axuntarase a cada unha das certificacións e sen o cal estas non poderán ser tramitadas ante a Fundación Catedral. Neste informe reflectirase o avance da obra comparando a efectivamente executada co previsto no Plan de Obra valorado economicamente, que deberá ser aprobado pola Dirección Facultativa e pola Fundación Catedral antes de comezar a obra. Haberá de conter ademais un mínimo de catro fotos nas que se amosará o aspecto xeral de cada unha das escarpas de obra abertas. No caso de producirse variacións co Plan de Obra previsto, deberán motivarse razoadamente no informe facendo referencia expresa cando existan retrasos ás circunstancias que o motivan, e achegarse para a súa aprobación unha nova proposta de Plan para o resto da obra, na que pódase ter en conta a recuperación do tempo atrasado.

- *Encargado de obra*: Sen formación específica requirida e cun mínimo de 10 anos de práctica profesional acreditada como encargado de obra en obras semellantes. Deberá achegarse compromiso de presenza permanente a pé de obra con dedicación plena e exclusiva.

A. Melloras aos medios persoais mínimos (12/50 puntos).

Incluíranse neste apartado as melloras aos medios persoais, sendo necesario que cada un deles teña intervido . na mesma función para a que se propoña- en obras en monumentos que teñan a condición de ben de interese cultural. Para cada un destes postos deberanse presentar os correspondentes *curriculum vitae* (cun máximo de dous follas DIN A4 de extensión impresas a dobre cara), e as memorias de intervención e de procedemento de traballo nas que se explicarán os traballos que asumirán os técnicos propostos (cun máximo de dous follas DIN A4, impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos). Os traballos propostos por este persoal nas memorias de intervención, enténdense que están incluídos na oferta económica, polo que non suporán custo algún a cargo do presuposto da obra, aínda cando os mesmos non estean recollidos no proxecto. No caso de incluír algunha persoa ou empresa subcontratada para á execución dos traballos, facilitarase o compromiso de execución pola súa parte, así como o seu currículo para a súa valoración. Os currículos puntuarán hasta un máximo da metade da puntuación sinalada para cada un dos apartados, e a memoria de intervención poderá sumar hasta a outra metade. Estas melloras non suporán custo algún a cargo do presuposto da obra ou do control de calidade. O listado que figura a continuación non esgota a posibilidade de outras propostas non previstas que tamén puideran ser axeitadas para esta obra. O adxudicatario non poderá cambiar as persoas propostas inicialmente para estes traballos, salvo xustificación razoada que terá que ser remitida por escrito a Fundación Catedral, indicando as motivacións da substitución e propoñendo outro profesional de perfil técnico de igual ou maior experiencia e cualificación. A Fundación Catedral resérvase a facultade de autorizar ou non o cambio proposto.

- *Axudante do Xefe de Obra*: arquitecto ou arquitecto técnico, con capacidade para o debuxo en formato dixital e o desenrolo de detalles técnicos específicos que vaian xurdindo o largo da obra e non estivesen suficientemente definidos no proxecto, servindo de apoio a Dirección da Obra. Achegarse compromiso de dispoñibilidade na obra. **(0 Æ 2,0 puntos)**

- *Taller de deseño e execución de subestructuras para pavimentos flotantes*, con experiencia validada en execución de solucións construtivas análogas á proposta en proxecto.

(0 - 2,0 puntos)

- *Restaurador especialista en pedra*, que actuará como coordinador do equipo de traballadores contratado para a restauración das fábricas de pedra. Demostrará suficiente coñecemento e experiencia nos diferentes tratamentos de conservación da fábrica de granito e a súa idoneidade. Poderá ser a mesma ou ben distinta persoa que a que execute os traballos de restauración da pedra, e servirá de enlace coa Dirección de Obra. O Restaurador será o responsable de redactar os correspondentes proxectos específicos de restauración que deberán contar coa aprobación da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, previamente á súa execución. Ao

comezo da obra o restaurador elaborará unha programación cos fitos e datas previstos para a elaboración de cada un destes documentos específicos. Todo elo en base as consideracións da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio que se xunta como anexo IV. Como mínimo redactaranse os proxectos de restauración de:

- Cada un dos 18 ámbitos de restauración definidos no Anexo 8.1 do proxecto de execución

(0 Æ 2,0 puntos)

- *Canteiro*, que pode ser o xefe do equipo de canteiros contratados para a obra. Ademais dos coñecementos xerais do seu oficio en elementos do patrimonio histórico-artístico, deberá mostrar experiencia en restauración de estruturas de pedra de granito. Servirá de enlace do equipo de canteiros coa Dirección de Obra.

(0 Æ 1,0 puntos)

- *Ferreiro*, ou taller de construcións metálicas. Deberá ter experiencia validada en traballos de execución de babeiros e canlóns metálicos, así como axeitado coñecemento da técnica tradicional de achumbado do ferro, xunto coa experiencia validada de restauración de elementos do patrimonio histórico-artístico.

(0 - 1,0 puntos)

- *Arqueólogo*, de acreditada solvencia técnica que actuará como responsable de redactar o proxecto de intervención Arqueolóxica. Ao comezo da obra o arqueólogo deberá elaborar unha programación coas datas e hitos da intervención arqueolóxica de cara a coordinar coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a tramitación das pertinentes autorizacións. Todo elo en base as consideracións da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio que se xunta como anexo IV. Como mínimo redactaranse os proxectos específicos de investigación arqueolóxica que desenrolen o avance de proxecto arqueolóxico contido no proxecto de execución como Anexo 8.2., entre outros farase fincapé na lectura estratigráfica e prestarase apoio ao Historiador na redacción da memoria histórico artístico de final de obra.

(0 - 2,00 puntos)

- *Historiador*, de contrastada traxectoria profesional e coñecemento sobre a Catedral de Santiago de Compostela, actuando como responsable e director dunha memoria histórico artística que desenrole e complete o documento 3 do proxecto de execución, a partir dos traballos de arqueoloxía e investigación previstos. Valorase a metodoloxía, alcance do traballo e presenza durante a realización de catas e sondeos. En todo caso para a súa valoración terá que vir especificado o compromiso de asunción por parte do licitador do custo dos traballos ofertados.

(0 - 1,0 puntos)

- *Fotógrafo*, de acreditada solvencia técnica encargado de realizar un reportaxe de seguemento fotográfico do ámbito da obra pero tamén de contexto das obras que se estean a desenrolar simultaneamente coa obra obxecto do presente contrato. Valorarase a metodoloxía, a periodicidade na realización das fotografías e o alcance do reportaxe plantexado.

(0 - 1,0 puntos)

B. Memoria descritiva, construtiva e de planificación da obra (27/50 puntos).

O licitador presentará unha *memoria descritiva*, de un máximo de cinco follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), que reflicte coñecemento do edificio e do proxecto de intervención, dos condicionantes do inmovible no seu estado de conservación e uso, da súa realidade construtiva, dos medios e espazos dispoñibles, dos condicionantes ambientais e urbanísticos derivados da súa localización, e tamén dos condicionantes administrativos e do calendario litúrxico. A mesma incorporará unha reflexión sobre as particularidades de intervir na Catedral de Santiago como Ben de Interese Cultural, sinalando tamén os protocolos e cautelas a ter en conta nas diferentes intervencións programadas.

(0 - 6 puntos)

Presentarase unha *memoria construtiva* de non máis de seis follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirán metodoloxía e construtivamente a forma de abordar a obra específica do presente contrato. Organizarase en

dous subapartados, cada un deles de un máximo de tres follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), nos que se definirán:

- Os procesos construtivos, man de obra e materiais empregados. Achegarase unha descrición dos procedementos específicos da obra, especialmente os máis comprometidos, como poden ser desmontaxes dos lousados, regularización das superficies a impermeabilizar, técnicas de impermeabilización en cubertas e canlóns, execución de subestruturas para soporte de lousado flotante, execución do novo lousado flotante, técnicas de conservación e restauración de paramentos, execución de reforzos estruturais, protección de zonas sensibles, etc. Valorarase a experiencia e a capacidade de aportar modificacións ou solucións complementarias nos temas puntuais que podan surxir en relación coas intervencións máis problemáticas das proxectadas.

(0 - 7 puntos)

- Implantación, organización da obra e medios auxiliares propostos. Achegarase unha descrición dos medios auxiliares, cubertas provisionais e maquinaria proposta, explicando como se organizará o importante movemento de materiais na obra. Poderán achegarse esbozos coas diferentes zonas e fases de actuación e localización de máquinas, contedores ou outros medios auxiliares. Aqueles medios auxiliares plantexados a maiores ou en substitución dos previstos no proxecto consideraranse compromisos contractuais adquiridos polo licitador e deberán poñerse a disposición da obra sen custo engadido para o promotor dos traballos. En todo caso a modificación dos medios auxiliares de proxecto deberá contar coa aprobación da Dirección Facultativa. As propostas serán coherentes coas normativas municipais, e haberán de estudar a coordinación dos traballos co resto de obras a desenvolver na catedral (que se representan esquemáticamente no anexo V) e co funcionamento do templo.

(0 - 7 puntos)

As propostas presentadas nesta memoria (medios auxiliares propostos, forma de executar os traballos, etc.), enténdense que están incluídas na oferta económica, polo que non suporán custo algún a cargo do presuposto da obra, aínda cando as mesmas non estean recollidas no proxecto.

A memoria de planificación da obra mostrará cronoloxicamente o desenrolo das actuacións, en especial as que máis afecten ao camiño crítico do programa de traballos. Deberá xustificarse o programa de traballo e a súa compatibilidade cas obras actuais na catedral, que fará expresa referencia ao prazo total e prazos parciais ofertados, dividíndose a obra en fitos cada dous meses e detallando cada unha das actividades, fases, subfases, etc., definindo necesariamente a distribución temporal mensual das actividades. Nesta memoria de planificación incluíranse a previsión de elaboración e tramitación dos proxectos parciais de Arqueoloxía e Restauración, que deberán contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Deberá ter en conta as precipitacións ou ventos habituais na zona en cada época do ano, e as xornadas de traballo perdidas que estas orixinan. En calquer caso o ofertante estará obrigado a cumprir o prazo e planning de obra ofertados. Valorarase o plan de obra, pero non se terán en conta as reducións de prazo na execución da obra. Dito programa de traballo presentarase sen valorar economicamente, para non desvelar o secreto da oferta. Dentro dunha extensión límite de cinco follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos) non se computarán os cronogramas e programas de obra.

(0 - 7 puntos)

C. Memoria de Seguridade e Saúde e implantación na obra (1/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria de Seguridade e Saúde de non máis de catro follas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos) na que definirase o sistema de prevención de riscos laborais internos e o Organigrama do Servizo de Prevención da empresa. Indicarase os nomes dos responsables na empresa do control de Seguridade e Saúde.

Esta documentación deberá particularizarse para esta obra, identificando os riscos máis graves propios da mesma, e non consistirá na simple redacción dun Plan ou Estudo de Seguridade e Saúde. O Plan de Seguridade o redactará o contratista de acordo co estudo incorporado no proxecto, unha vez resolta a adxudicación do concurso.

Mostrará o deseño do plan de implantación na obra, accesos de materiais, zonas de acopio, oficinas de obra, circulación de persoal, etc.

D. Memoria ambiental (2/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria ambiental de non máis de catro follas de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirán os aspectos ambientais a controlar durante a execución dos traballos, as actuacións a seguir, as medidas de natureza ambiental a adoptar e os beneficios que se obteñen mediante a aplicación destas.

Entre as medidas a adoptar, valoraranse as seguintes: medidas de integración e adecuación ambiental, de protección de persoas e bens culturais, de protección da fauna protexida, de información de obra; declaración da porcentaxe económica que supón a adquisición de produtos con etiqueta ecolóxica respecto á contía total do contrato, utilización de produtos reciclados ou reciclables, declaración da porcentaxe de produtos que non orixinen residuos tóxicos ou perigosos, orixinen a mínima cantidade de residuos ou tendan a minimizala ou que impliquen aforro no consumo de auga e enerxía, organización dos procesos de demolición e movemento de escombros na obra. etc. Trátase de medidas sobre as previstas no proxecto ou no prego como obrigadas para o adxudicatario.

Se o licitador esta acollido a algún sistema de Xestión e/ou auditoría ambiental deberá acreditarlo mediante copia compulsada do certificado que o acredite, ou certificación realizada pola autoridade ambiental competente.

En relación cos residuos, especificaranse os criterios de xestión e do mesmo xeito achegarase declaración do vertedoiro autorizado ao que se leven os residuos da construción.

Achegarase compromiso de poñer a disposición da Fundación Catedral e de trasladar ao lugar que indique . nunha distancia máxima de 50 km. todos aqueles materiais reciclables ou reutilizables que non se vaian a reutilizar na obra.

Esta documentación deberá ser específica para esta obra, e non consistirá na redacción dun simple Plan de aseguramento da calidade medioambiental na realización da obra.

Deberase cumprir a normativa respecto ó tratamento de residuos de construcións e demolición regulados polo Real Decreto 105/2008.

E. Memoria de calidade (5/50 puntos).

O licitador presentará unha memoria de calidade de non máis de cinco páxinas DIN A4 de extensión (impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos), na que se definirá a metodoloxía sistemática interna de control da obra que asegure a optimización do custo e a calidade da mesma, indicando os procedementos a empregar e os controis, inspeccións e ensaios a realizar. Indicarase o nome dos responsables na obra do control interno de calidade.

Se o licitador esta acollido a algún sistema de Xestión de Calidade deberá acreditarlo mediante copia compulsada do certificado que o acredite, ou certificación realizada pola autoridade en calidade competente.

A memoria de calidade puntuarase con 1 punto. Esta documentación deberá ser específica para a obra de referencia, e non consistirá na redacción dun simple Plan de aseguramento da calidade na realización da obra.

Puntuarase hasta un máximo de 4 puntos as melloras o control de calidade previsto no proxecto, especificando a contía económica (IVE incluído) da mellora, ata un máximo do 3% do presuposto da obra (38.967,21 "), que se valorará e puntuará proporcionalmente, co compromiso de destinala a sufragar o gasto das actuacións adicionais non previstas de control de calidade de elementos, materiais, procedementos ou análises estruturais. Esta mellora económica é independente do 1% do presuposto da obra (12.989,07 " IVE incluído) que o contratista debe dedicar a control de calidade.

A Fundación Catedral reservarase o dereito de adxudicación das partidas de control de calidade previstas no proxecto e as novas, dentro do presuposto no proxecto e da mellora ofertada, aprobando a persoa ou empresa idónea para cada una de estas tarefas.

F. Melloras na garantía (3/50 puntos)

- Mellora no prazo de garantía: **0 Æ 2 PUNTOS**

O licitador poderá aumentar a duración da garantía final da obra de un ano, cuberta con aval. A maior ampliación ofertada recibirá 2 puntos, e as restantes puntuaranse proporcionalmente.

- Plan de control da obra durante o tempo de garantía ofertado, **0 Æ 1 PUNTO**

O Plan recollerá o compromiso das accións de control a desenrolar pola empresa (terá unha extensión máxima de tres follas DIN A4 impresas a dobre cara e cun tamaño mínimo de letra de 10 puntos).

G. Traballadores discapacitados (opcional)

Xustificación, no seu caso, de que a empresa conta no seu cadro de persoal con un número de traballadores discapacitados, con indicación deste a efectos de poder desfacer un posible empate.

9. EXAME DAS OFERTAS E ACLARACIÓNS

9.1. A documentación e as ofertas presentadas polos licitadores serán examinadas e valoradas por unha comisión de valoración composta por dous membros designados pola Fundación Catedral e un designado pola Consellería de Cultura e Turismo.

9.2. Concluído o prazo de presentación de ofertas, a comisión de valoración cualificará a documentación contida no sobre A, outorgando no seu caso un prazo de corrección non superior a tres días hábiles, e solicitando se fora necesario as aclaracións ou documentación complementaria que se precise.

Con posterioridade, a comisión de valoración procederá a apertura e exame dos sobres B e C e clasificará as proposicións por orde de puntuación decrecente unha vez ponderados os criterios de adxudicación de acordo co disposto no apartado 8 do presente prego.

A apertura do sobre B deberá efectuarse no prazo máximo de vinte días naturais contados a partir da data de finalización do prazo para a súa presentación.

9.3. Clasificadas as proposicións, a comisión de valoración requirirá ó empresario que presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ó de recepción do requirimento, presente a documentación acreditativa da capacidade para contratar referida no apartado 7.2 do prego, debendo acreditar no mesmo prazo a disposición efectivamente dos medios que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

A comisión de valoración poderá outorgar no seu caso un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección de erros ou omisións.

9.4. Examinada a documentación presentada, a comisión de valoración procederá a formular proposta de adxudicación ó órgano de contratación da Fundación Catedral.

9.5. O órgano de contratación poderá solicitar aclaracións sobre a oferta, que terán carácter contractual, cos interesados que reúnen os requisitos de capacidade e solvencia esixida os

termos das súas ofertas, velando por que todos os interesados reciban igual trato, e en particular non facilitando de forma discriminatoria información que poda dar vantaxes a determinados interesados con respecto ao resto.

10. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación da Fundación Catedral adxudicará o contrato á mellor oferta no seu conxunto, atendendo aos criterios establecidos na cláusula 8 do presente prego, en resolución motivada no prazo máximo de dous meses a contar desde a apertura do sobre B.

A adxudicación notificarase aos licitadores e publicarase no portal da catedral na interrede no prazo de 15 días naturais. A notificación farase por medios electrónicos.

O adxudicatario deberá asinar o contrato de obras coa Fundación Catedral no prazo máximo de quince días hábiles a contar desde a notificación, segundo o modelo de contrato que se achega como ~~%~~anexo III+.

11. GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador que presente a oferta mellor puntuada, estará obrigado a constituír a garantía definitiva, que deberá ser do 10 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE. Este aval responderá durante o prazo mínimo dun ano desde a recepción das obras das deficiencias e as reparacións necesarias que se podan observar nas obras feitas dende a súa finalización.

A constitución desta garantía deberá ser acreditada polo licitador que teña presentado a mellor oferta no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ó que tivese recibido a notificación da adxudicación por parte da Fundación Catedral.

12. CONSULTAS

Para consultas técnicas as empresas concursantes poden dirixirse á Fundación Catedral:

Fundación Catedral de Santiago, rúa do Vilar 1-1º, 15705 Santiago de Compostela

Tlfn: 981 569327

III. RELACIÓNS XERAIS ENTRE A FUNDACIÓN CATEDRAL E O CONTRATISTA

13. EXECUCIÓN DO CONTRATO

13.1. Comprobación do replanteo

No prazo non superior a quince días dende a data de formalización do contrato, salvo casos excepcionais xustificadas, procederase en presenza do contratista a efectuar a comprobación do replanteo realizado previamente á licitación.

Cando, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, o resultado da comprobación do replanteo demostre a posesión e disposición real dos terreos e do inmovible, a súa idoneidade e a viabilidade do proxecto, darase polo director da obra a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta estendida, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras desde o día seguinte á da sinatura da acta.

13.2. Condicións particulares establecidas para a execución da obra

Para a execución da obra, establécense as seguintes condicións particulares:

- Co obxecto de unificar as distintas actuacións a executar na catedral de Santiago, os canlóns poderán executarse indistintamente en zinc-titanio ou chumbo, sen que isto supoña un incremento do custo establecido en proxecto para estes elementos construtivos.
- Os medios auxiliares e cubricións provisionais, haberán de adecuarse aos de outras obras da catedral coas que puideran coincidir temporalmente, sen que as modificacións derivadas desta adecuación supoña un custo engadido para o promotor dos traballos.
- O alcance e nivel de intervención que se propoña nos proxectos específicos de restauración e arqueoloxía que se indican no apartado 8.3.A, haberán de estar axustados aos recursos económicos previstos no proxecto para levar a cabo estas actuacións.

13.3. Programa de traballo

O contratista deberá presentar, no prazo non superior a quince días desde a formalización do contrato, un Programa de traballo e o Plan de Seguridade axustado ó Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto.

O programa de traballo non poderá introducir ningunha modificación das condicións contractuais, se ben poderá propoñer redución do prazo total e modificacións nos prazos parciais de execución da obra, sempre que as disponibilidades de crédito do órgano contratante permitan efectuar os reaxustes que se puideran derivar de tales modificacións, e sen que poida supoñer incremento do presuposto total de adxudicación da obra.

O órgano de contratación resolverá dentro dos 15 días naturais seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir, na resolución aprobatoria, modificacións ou determinadas prescricións, sempre que no contraveñan as cláusulas do contrato.

Unha vez aprobado o programa de traballo incorporarase ao contrato.

13.4. Sinalización das obras

Na data en que comecen os traballos o contratista queda obrigado a colocar no acceso principal, no prazo máximo de 15 días laborables, un cartel identificativo da obra coas características e formato que sinala a Fundación Catedral, no que constará a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo, e do Ministerio de Facenda. Dito cartel deberá permanecer na obra ata que a Fundación Catedral autorice a súa retirada.

Así mesmo, o contratista está obrigado a instalar á súa costa as sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación e outros, de conformidade co disposto no Código da Circulación e a adoptar todas as precaucións precisas dende o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable de calquera accidente motivado por incumprimento desta cláusula.

A todos os efectos e no referente á algunha posible sinalética relacionada co tráfico respectaranse as condicións que definan os Servizos Municipais.

Transcorrido o prazo fixado no parágrafo primeiro desta cláusula sen que o contratista tivera instalada a sinalización referida no mesmo, esta será instalada pola Fundación Catedral, correndo os gastos por conta do contratista.

13.5. Certificacións e pagos

Con cada certificación mensual das obras realizadas, preparadas pola dirección facultativa co apoio do xefe de obra, presentárase na Fundación Catedral a factura correspondente para o seu

cobro. O pago das facturas realizarase por transferencia bancaria nun prazo máximo de 60 días naturais dende a súa aceptación.

Nas certificacións mensuais non se incluírán excesos de medición con respecto ao proxecto. No caso de existir, os excesos de medición faranse constar como medición ~~non~~ acreditada, e se incluírán na liquidación final da obra, para a que existe un importe máximo do 10% do presuposto.

14. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son de conta do contratista todos os gastos derivados da formalización do contrato, co custe do anuncio en prensa e no Diario Oficial de Galicia desta convocatoria. Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaran necesarios para a execución do contrato, incluíndo as taxas municipais da licenza de obra e de ocupación da vía pública no seu caso.

Serán de conta do contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra, nunha contía equivalente ao 1% do presuposto da obra (12.989,07 " IVE incluído), mais a súa oferta no concurso neste apartado, correspondendo á Fundación a elección do laboratorio homologado para a realización dos ensaios e controis de calidade de materiais e instalacións.

O control de calidade da obra incluírá o de aqueles materiais, elementos ou unidades de obra suxeitos a normas ou instrucións de obrigado cumprimento promulgadas pola Administración que versen sobre condicións ou homologacións que estes deben reunir.

Os custos de execución dos ensaios, análises, probas ou controis preceptivos para verificar tales condicións, consideraranse incluídos nos prezos recollidos no proxecto e de acordo co orzamento desagregado, no seu caso, para tales efectos, no programa de control de calidade que figure no proxecto aprobado.

Aqueles outros controis e análises que non veñan impostos por norma ningunha, pero que a dirección facultativa ou coordinador do traballo estimen pertinentes, serán por conta do contratista ata o límite máximo da porcentaxe que a empresa construtora ofertase como mellora na licitación.

En caso de non resultar satisfactorios os resultados obtidos polo laboratorio contratado pola Fundación, o custe dos novos controis tamén serán por conta do contratista, así como todos aqueles análises, ensaios, contra ensaios de control de calidade, que estimen conveniente, a Fundación e a Dirección Facultativa.

Non se permitirá a entrada na obra de ningunha outra empresa distinta á elixida pola Fundación para realizar labores de control de calidade, salvo autorización expresa da Dirección das obras.

O control de calidade das actuacións descritas anteriormente recolleranse en informes mensuais onde se indicarán as posibles incidencias detectadas que poidan afectar á execución da obra proxectada.

Os ensaios establecidos nos apartados anteriores, que por calquera circunstancia non sexan realizados e abonados polo contratista, poderán ser executados pola Fundación Catedral e o seu importe deducido das certificacións mensuais correspondentes.

O Plan de control deberá ser validado en todo caso pola dirección facultativa. Non obstante, non terán tal limitación e correrán integramente por conta do contratista, os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra.

Se por calquera circunstancia, os ensaios establecidos no parágrafo anterior, non son realizados e abonados polo contratista da obra, estes poderán ser ordenados pola dirección facultativa, tras a autorización da Fundación Catedral, e o seu importe será deducido das certificacións de obra mensuais correspondentes.

IV. FINALIZACIÓN DO CONTRATO

15. CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DAS OBRAS

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este teña realizado a totalidade do seu obxecto, de acordo cos termos do mesmo e a satisfacción da Fundación Catedral.

O contratista cunha antelación de corenta e cinco días hábiles, comunicará por escrito á dirección da obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, a efectos de que se poida realizar a súa recepción.

Se as obras se encontran en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, os representantes da Fundación Catedral e da Consellería de Cultura e Turismo daranas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando, no seu caso, o prazo de garantía.

Polo contrario, cando as obras non se encontren en estado de ser recibidas farase constar así na acta, e o director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non o efectuara, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, quedando a Fundación Catedral facultada para a execución da garantía.

16. PRAZO DE GARANTÍA

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía mínimo dun ano, a contar desde a data de recepción das obras, prazo durante o que a Fundación Catedral poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego.

Durante o período de garantía o contratista estará obrigado a corrixir, a súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puideran derivar das responsabilidades nas que puidera ter incorrido. No caso de falta de subsanación no prazo fixado, a Fundación Catedral poderá executar a garantía.

17. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades que houberan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, se ditará acordo de devolución ou cancelación daquela.

No suposto de recepción parcial autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, previa solicitude do contratista.

En Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

DANIEL LORENZO SANTOS,
Director Xeral da Fundación Catedral

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (persoa xurídica)

Don, con domicilio en, teléfono....., Rúa, nº..... Código Postal, con D.N.I. nº, actuando en representación decon domicilio en, teléfono....., rúa nº..... Código Postal....., habendo recibido o prego de condicións económicas administrativas que a de rexer a contratación da **RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E PORTA DE ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO**, en Santiago de Compostela, e aceptando integramente o seu contido, fai constar que coñece e acepta o Prego de Condicións Económico-Administrativas e DECLARA:

- 1.º Que a sociedade que representa ten a capacidade xurídica e de obrar necesaria para a execución do contrato e que, de acordo co seu obxecto social, pode presentarse ó concurso.
- 2.º Que o firmante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición e de aquela.
- 3.º Que a sociedade cumpre os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica esixidos no prego.
- 4.º Que nin a sociedade nin o abaixo firmante se atopan en ningunha das circunstancias enumeradas no apartado 5 do prego que non permitirían contratar coa Fundación Catedral.
- 5.º Que a sociedade está ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- 6.º Que o empresario se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios materias e persoais suficientes.
- 7.º Que, no caso de ser requirido a tal efecto, está en disposición de presentar a documentación para acreditar o cumprimento das circunstancias manifestadas nos parágrafos precedentes e demais que resulten precisas.
- 8.º Que facilita como dirección de correo electrónico para recibir comunicacións e notificacións a seguinte:

En....., a.....de.....de.....

Nome e sinatura

ANEXO I

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE
(persoa física)**

Don, con domicilio en, teléfono....., Rúa, nº..... Código Postal, con D.N.I. nº, actuando en nome propio (ou en representación decon domicilio en, teléfono....., rúa nº..... Código Postal.....), habendo recibido o prego de condicións económicas administrativas que a de rexer a contratación da **RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E PORTA DE ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO**, en Santiago de Compostela, e aceptando integramente o seu contido, fai constar que coñece e acepta o Prego de Condicións Económico-Administrativas e DECLARA:

- 1.º Que o empresario dispón da capacidade xurídica e de obrar necesaria para a execución do contrato e que cumpre cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica esixidos no prego.
- 2.º Que o firmante da declaración ostenta a debida representación para a presentación da proposición, no seu caso.
- 4.º Que nin a empresario nin, no seu caso, o abaixo firmante, se atopan en ningunha das circunstancias enumeradas no apartado 5 do prego que non permitirían contratar coa Fundación Catedral.
- 5.º Que o empresario está ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- 6.º Que o empresario se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios materias e persoais suficientes.
- 7.º Que, no caso de ser requirido a tal efecto, o empresario está en disposición de presentar a documentación para acreditar o cumprimento das circunstancias manifestadas nos parágrafos precedentes e demais que resulten precisas.
- 8.º Que facilita como dirección de correo electrónico para recibir comunicacións e notificacións a seguinte:

Ení í í í í í í í í í í í í í í í í í , aí í í .deí í í í í í í í ..deí í í .

Nome e sinatura

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN

Don, con domicilio en teléfono.....,Rúa nº..... Código Postal, con D.N.I. nº, actuando en nome propio (ou en representación decon domicilio en teléfono....., rúa nº..... Código Postal.....), habendo recibido o prego de condicións económicas administrativas que a de rexer a contratación da **RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E PORTA DE ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO**, en Santiago de Compostela, e aceptando integramente o seu contido, fai constar que coñece e acepta o Prego de Condicións Económico-Administrativas e que se compromete a executar o contrato de referencia polo seguinte importe

Prezo: (en letra) euros
(en número) euros

IVE:euros

Prezo totaleuros
(en números e letras)

(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV



NOTIFICACIÓN

Notifícolle que a directora xeral de Patrimonio Cultural, en relación co asunto de referencia, ditou a resolución que seguidamente se transcribe:

Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en relación co asunto:

PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

- Promotor: Fundación Catedral de Santiago
Convenio de Colaboración asinado o 23 de setembro de 2015 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Cabido do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela e a Fundación Catedral de Santiago para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e restauración derivadas do Plan Director da Catedral de Santiago
- Autor: AE AESTUDIO + ARROKABE SLP
- Entrada : 19/07/2019, Rexistro Rexel nº 2019/1572059.
- Inmoble: Catedral de Santiago de Compostela
- Protección: A catedral de Santiago é Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento, ao abeiro da Lei de 22 de agosto de 1896, á Disposición adicional primeira da Lei 16/85 do patrimonio histórico español e á Disposición adicional primeira da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Forma parte e constitúe un ben senlleiro doutros dous bens de interese cultural que están incluídos respectivamente na Lista do Patrimonio Mundial: a Cidade Vella de Santiago de Compostela, que ten a categoría de BIC (Conxunto Histórico), e os Camiños de Santiago, Francés e Camiños do Norte, declarados Bens de Interese Cultural coa categoría de Territorio Histórico.
- Importe: Orzamento xeral (proxecto): 1.298.907,16€
Orzamento base de contrata (proxecto), sen IVE (21%): 1.073.476,99€
Orzamento de execución material (proxecto): 949.979,64€
- Expediente: SXCRBC / SAR / 2019 / 053 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- Número de asignación segundo o convenio de colaboración: Actuación Nº 9

A directora xeral do Patrimonio Cultural logo de ver o documento de referencia e tendo en conta o contido dos informes dos seus servizos técnicos que a seguir se transcriben e que relacionan os seguintes,

ANTECEDENTES

O proxecto analizado ten data de entrada o día 19.07.2019 no Rexistro Electrónico REXEL da Xunta de Galicia co número 2019/1572059 que con data 07.10.2019 foi completado polo equipo redactor AE AESTUDIO + ARROKABE SLP para corrixir, aclarar e complementar aspectos puntuais da documentación entregada; e nalgún caso, detallar a solución construtiva da intervención en áreas concretas como por exemplo a cuberta da Archicofradía e o sistema de evacuación de auga da cuberta da capela maior e tribuna. Tamén incorporouse na memoria unha referencia explícita ao nivel básico da intervención no patio de Abades xa que esta céntrase en traballos de restauración dos paramentos verticais sen acometer traballos de posta en valor e corrixir actuacións recentes de escasa calidade construtiva e visual.

Este proxecto forma parte da programación de intervencións contidas no Convenio de colaboración para o desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e





restauración do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela asinado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Cabido da Catedral de Santiago e a Fundación Catedral de Santiago.

Dito convenio prevé un investimento total de 17 millóns de euros e na actualidade un prazo para o remate das intervencións que finaliza de forma inaprazable a finais do ano 2020.

Hoxe en día, na catedral de Santiago estanse a desenvolver simultaneamente obras de restauración nas cubertas da nave principal, nas cubertas da cabeceira; naves interiores, transepto e tribuna, paramentos verticais da xirola, panda norte do claustro e fachada oriental, sur e esconce da Torre do Tesouro.

Así mesmo é preciso sinalar que na fase de redacción do proxecto os seus redactores, nunha sesión conxunta celebrada na Casa da Fábrica, fixeron unha exposición dos obxectivos xerais do proxecto segundo consta na separata gráfica existente nos arquivos do Servizo de Arquitectura.

Tamén é preciso sinalar que con data 2.10.2019 realizouse unha visita técnica polo técnico firmante deste informe ao ámbito da intervención que mais adiante se describe e revisouse documentación do plan director da catedral que teñen relación coas actuacións programadas. O plan referido con anterioridade é básico no proceso de recuperación e restauración tanto funcional como patrimonial da catedral.

Asemade constatouse polo técnico a necesidade de coordinación das obras de restauración das naves interiores, xirola e tribuna coas previstas neste proxecto circunstancia que queda garantida polas competencias da oficina técnica da Fundación catedral no desenvolvemento do convenio e os traballos de planificación e coordinación da Comisión executiva das obras.

Por último sinalar que o proxecto contempla a realización de obras que inicialmente programáronse na execución das obras de restauración da cabeceira pero que foron reprogramadas pola Fundación catedral e Comisión executiva das obras pola necesidade de estabilizar o muro e pináculos da xirola alta previamente a calquera intervención no seu contorno e pola ocupación na actualidade da cuberta da tribuna da catedral cos apoios provisionais das obras en execución.

CONTIDO DO DOCUMENTO

O proxecto sobre o que se realiza o presente informe é un documento tramitado electronicamente que comprende unha memoria descritiva e construtiva que se completa cunha memoria histórico-artística-arqueolóxica redactada polo polos historiadores Rebeca Blanco-Rotea, David Chao e Francisco Alonso Toucido do Grupo de Investigación da Universidade de Santiago no que se describen as características construtivas, tipolóxicas, decorativas, históricas e arqueolóxicas dos paramentos da cabeceira da catedral de Santiago e que son visibles dende os patios de Abades e Porta Santa, así como do muro de peche da cabeceira que se abre á praza da Quintana.

A documentación complétase cos seguintes proxectos específicos:

- Proxecto de restauración específico de elementos singulares. (BIC, Materiales e Conservación SL)*
- Proxecto de control arqueolóxico (Grupo SÍNCRISIS da USC)*
- Proxecto para a estabilización dos pináculos da ábsida. (AROCA Arquitectos SLP)*

que amosa o carácter multidisciplinar da metodoloxía utilizada na elaboración do proxecto polos arquitectos Adrián Martín Prieto, Elena Sarmiento Díez, Óscar e Andrés Andrés Quintela.

Na memoria administrativa incorporase a seguinte documentación: acta de replanteo previo, clasificación e categoría do contrato, certificación de obra completa, programa de traballos e prazo de execución.

Na documentación gráfica recóllese detalladamente o estado actual así como das patoloxías existentes do ámbito da intervención e indícanse os ámbitos da restauración de elementos singulares que se desenvolven nun proxecto de restauración específico que se achega no





apartado doutros anexos tal é como se indicou con anterioridade. Tamén se incorporan planos de restauración das fábricas e carpinterías con fichas individualizadas con referencias ao plan director da catedral; e por último, descríbese graficamente a solución construtiva do proxecto de estabilización dos pináculos da ábsida.

O índice xeral do documento é:

0. AXENTES
1. MEMORIA DESCRIPTIVA
2. MEMORIA CONSTRUTIVA
3. MEMORIA HISTÓRICO-ARTÍSTICO-ARQUEOLÓXICO
4. MEMORIA ADMINISTRATIVA.
5. ANEXO NORMATIVO
6. MEDICIÓNS E ORZAMENTO
7. PREGO DE CONDICIÓNS.
8. OUTROS ANEXOS
9. ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE
10. PLANOS

Polos redactores do proxecto prevese realizar na fase de execución estudos que na fase de redacción non foi viable executar e que comprende os seguintes traballos:

- *Estudo histórico-artístico final de obra.*
- *Estudo de humidades.*
- *Estudo petrográfico.*
- *Estudo da capa pictórica e preparación.*
- *Estudos de investigación, control e sondaxe arqueolóxica.*

Tamén na fase de execución está previsto a elaboración dun proxecto final de restauración por un equipo de restauradores con experiencia en intervencións de bens culturais sobre soportes pétreos e policromías sobre pedra no que se definan tralas analíticas e probas realizadas in situ as actuacións específicas que se realizarán, concretando desta maneira as propostas de intervención previstas no proxecto de restauración de elementos singulares redactado pola empresa BIC, Materiales e Conservación SL

Así mesmo a realización dos traballos e estudos arqueolóxicos deberán contar coa aprobación e autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en adiante DXPC) con carácter previo ao inicio das obras segundo a normativa autonómica en materia arqueolóxica.

Trala finalización do conxunto das intervencións elaborárase unha memoria final segundo indica o artigo 43 (Proxecto de intervención e memoria final de execución) da vixente Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, e que conterá ao menos unha descrición pormenorizada da intervención, con especificación dos tratamentos e produtos empregados, así como a documentación gráfica de todo o proceso e o estudo comparativo do estado inicial e final. A responsabilidade de entrega desta memoria recaerá no persoal técnico identificado e deberá ser asumida como proceso propio da dirección de obra.

CONSIDERACIÓNS ECONÓMICAS

Segundo o Convenio de colaboración para el desenvolvemento e execución das actuacións de conservación e restauración do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Cabido da Catedral de Santiago e a Fundación Catedral de Santiago, dispónse para esta actuación a seguinte cantidade: 1.298.907,16€





Esta é a cantidade global que segundo as previsións do Convenio debe desglosarse en:

- *Orzamento de execución material*
- *13% GX (sen porcentaxe de beneficio industrial adicional)*
- *21% IVE*
- *10% Custes de redacción, dirección de obra e outros derivados da tramitación.*

Concepto	CONVENIO (€)	PROXECTO (€)	DIFERENZA (€)
PEM	693.550,00	949.979,64	256.429,64
GX	90.161,50	123.497,35	33.335,85
IVE	164.579,42	225.430,17	60.850,75
ONTRATA	948.290,92	1.298.907,1	350.616,24
10%	94.829,00		
TOTAL	1.043.119,92		

OBXECTO DO PROXECTO

As actuacións previstas no proxecto comprende as intervencións seguintes:

- *A restauración do muro de peche da Quintana, os paramentos que dan aos patios da Porta Santa e Abades, os paramentos exteriores da capela do Pilar, a xirola e os muros da fachada leste do transepto.*
- *A restauración da cuberta que resolve a terraza sobre a xirola baixa.*
- *O reforzo estrutural do pretil sobre o muro exterior da xirola alta.*
- *A restauración dos elementos escultóricos singulares existente no ámbito da intervención (escudos ,portadas, canecillos, columnas entorchadas, elementos decorativos...)*
- *As intervencións arqueolóxicas de estudo, control e sondaxe da cabeceira da catedral e dos Patios de Abades e Porta Santa.*

Pola Fundación Catedral logo da restauración da Torre do Reloxo, da fachada do Obradoiro, do Ciborio, da fachada do Pórtico Real considera necesario afrontar antes do ano 2021 traballos de limpeza e restauración nas fábricas exteriores da cabeceira da catedral, especialmente no contorno da Porta Santa e todo o muro da Quintana, as fachadas aos patios interiores dispostos tralo muro e os paramentos da xirola e do transepto cara ao leste.

Tendo en consideración que na actualidade está en fase de execución a restauración das cubertas da catedral tanto da nave principal e transepto como da capela maior e cabeceira cunha solución construtiva baseada nunha estrutura metálica sobre a que se apoia a nova cuberta pétreo e que dita solución construtiva conta coas autorizacións da DXPC de datas 07.09.2018 e 15.03.2019; no proxecto presentado prevese utilizar unha solución construtiva similar aínda que axustada ás especiais características da terraza da xirola baixa: escasa pendente, reducido espesor do trasdós da bóveda, despece do pavimento, encontros co muro románico da fachada da ábsida. En definitiva coa intervención prevista na cuberta da terraza da xirola baixa se homoxeneiza a solución construtiva das cubertas pétreas da catedral e polo tanto os traballos de conservación e mantemento futuros.

No apartado de antecedentes fálese da importancia da reprogramación da restauración da fábrica románica polo risco que tería acometer a súa restauración sen estabilizar previamente o pretil barroco da xirola alta tal e como se recollía no informe achegado polo arquitecto Ricardo Aroca no seu momento. No proxecto presentado avalíase o impacto patrimonial e visual que no monumento terá a solución estrutural (plano ER01) e afóndase na súa viabilidade co estudo e caracterización da fábrica barroca que se completará cos ensaios previstos na documentación técnica na fase de execución (planos EA01/06)





A solución construtiva-estrutural prevista consiste na execución dun semianel de aceiro inoxidable pola cara interior do muro que permita co seu tensado descargar a cornixa e manter a xeometría existente (planos ER01/ER08). A intervención estrutural permitirá por unha parte acometer a restauración dos canecillos e columnas entorchadas da xirola alta que amosan unha patoloxía avanzada de deterioro con perda importante de material como consecuencia de intervencións históricas e a erosión meteorolóxica, e por outra eliminar as filtracións na capela maio que deterioran as súas pinturas.

Unha vez finalizada os traballos estruturais e de restauración previstos debería realizarse unha avaliación xeral do nivel de estabilidade acadado e, no seu caso, as medidas de seguimento e monitorización que deberían seguirse no futuro.

Por outra parte, no eido da restauración defínense no proxecto presentado dous ámbitos de restauración claramente identificados en función das características e nivel de complexidade e estado de conservación dos seus soportes pétreos:

- Fábrica de cantería sen elementos escultóricos relevantes.
- Fábrica de cantería con elementos artísticos, escultóricos e decorativos de gran interese patrimonial e histórico.

A restauración da fábrica exterior comprende as seguintes actuacións:

- Limpeza manual en seco.
- Eliminación de plantas superiores con tratamento herbicida.
- Eliminación das colonias biolóxicas mediante a aplicación de biocidas, vapor de agua a presión e cepillado.
- Limpeza de cantería con microproyección.
- Hidrofugado superficial con siloxanos.
- Eliminación de xuntas na cantería en mal estado.
- Rexuntado de xuntas con morteiro de cal.
- Selado de xuntas.
- Inxeccións de morteiro de cal en xuntas e recheos de muros de cantería.
- Tratamento de eflorescencias.
- Consolidacións superficiais da fábrica.
- Reintegración e enxertos.
- Pegado e cosido de fragmentos sen perda de volume.
- Cosido de balaustradas con grampas de bronce.

Así mesmo e atendendo ao diagnóstico do Plan Director se fixo un estudo comparativo dos diferentes ocos existente no ámbito da intervención: ventás, ventás fixas, vidreiras, ocos pechados con cantería, reixas... no que se recollen as actuacións específicas en cada unha delas e as modificacións, variacións ou desviacións con respecto á proposta inicial prevista no plan director. Nos planos C01 a C17 recóllense os estados actuais e reformados dos diferentes ocos ademais dos niveis de intervencións previstos clasificados por tipoloxías.

En canto á **restauración de elementos artísticos, escultóricos e decorativos de gran interese patrimonial e histórico** o proxecto define dezaoito (18) ámbitos de restauración singulares que se definen graficamente nos planos AR-01/02/03. No proxecto de restauración específico de elementos singulares elaborado pola empresa de restauración BIC, Materiales e Conservación SL defínense e identifícanse os ámbitos de actuación ademais do seu estado de conservación que se completa coa fase de diagnose e proposta de intervención que se finalizará na fase de execución coa realización das analíticas e probas necesarias que permitan redactar o proxecto de restauración final que deberá contar coa aprobación da DXPC antes do inicio das obras de restauración.





Son os que a continuación se detaian:

Porta Santa, Porta de Abades, frontón, farolas, fachada sur, escudo da Capela dos Mondragón, fiestra xirola, fiestra Capela do Salvador, sepulcro, estrela, fiestra, rosetón e arcos xirola, placa pedra da Capela de S. Bartolomé, pilastra da Capela do Pilar, fiestras tribuna xirola e transepto norte, columnas entorchadas e canecillos, fiestra, escudo da sancristía da Porta de Abades.

As consideracións sobre o estado de conservación poden resumirse, xa que son tratadas de xeito común en todos os ámbitos específicos obxecto de intervención. A diagnose xeral é que se atopan nun moi mal estado de conservación, sobre todo no referente ás capas de preparación e pictórica, con sucidade xeneralizada intervencións desafortunadas. A pedra, granito, presenta o problema común en numerosos ámbitos da catedral, que é o debilitamento da estrutura físico-química da pedra en orixe.

Estado de conservación inicial

Moi mal estado de conservación e sucidade xeneralizada. Ataque biolóxico sobre todo na parte superior do retablo. Numerosas intervencións. Perdas mátericas e gran erosión na superficie das esculturas. A policromía atópase en zonas puntuais. Numerosas zonas de escorrentía. Fisuras, desplazamentos, gretas, costras negras. Sales (arenización, pulvurulencia, disgregación). Alteracións de orixe biolóxica: plantas superiores. Microorganismos en todas as superficies, que provocan retención de humidade, produción de substancias que afectan os substratos pétreos e alteración visual.

Causas de alteración

Xerais: mediambientales, biolóxicas.

Puntuais: antrópicas.

Factores de alteración

Fontes de humidade

Infiltración: zonas de escorrentía. As perdas do morteiro son zonas de penetración da auga ao interior do muro debilitando o soporte e as capas de preparación e policromía.

Capilaridade

Outros: alteracións propias das técnicas: utilización de materiais non adecuados ao estado de conservación da pedra. Problemas derivados doutras intervencións: utilización de morteiros débiles e cemento nas xuntas.

Proposta de intervención

A proposta establece uns criterios de conservación como premisa a seguir, que a continuación se recollen de xeito literal dado o seu carácter explicativo:

“En toda actuación todas as etapas e procedementos empregados tentarán manter a pedra no seu aspecto orixinal, non introducindo variables que poidan trastornar a mensaxe artística e estética que os seus creadores pretenderon transmitir. Levar á práctica este criterio é, na maioría das ocasións, complexo desde o punto de vista técnico; sobre todo nos últimos anos, xa que existe unha forte agresión do ambiente debido ao cambio climático cada vez menos controlable. A pedra áchase en moitos casos nun avanzado estado de deterioración e ao intervir preténdese non só frear esta deterioración senón tamén dar solucións de conservación que sexan capaces de soportar as agresións do ambiente durante un período de tempo razoable. Outro aspecto para considerar é o das prioridades nas intervencións de conservación. Como criterio xeral debe considerarse válido aquel que atende ás causas da deterioración en primeiro lugar, actuando sobre elas para erradicalas ou minimizalas. Posteriormente pode levar a cabo a intervención na pedra propiamente dita. En relación con iso debe lembrarse que a pedra nun edificio é a capa máis superficial do mesmo e que na súa deterioración e conservación poden incidir outros materiais cos que está en íntimo contacto, como é o caso dos recheos de muros, morteiros, etc. Os tratamentos existentes actualmente para a conservación da pedra cumpren,





en xeral, as prestacións para as que foron deseñados: consolidan, protexen, etc. Con todo, a maioría están concibidos para ser aplicados a materiais homoxéneos, cunha composición, textura e porosidad uniformes. Pola contra, a pedra é un material extraordinariamente heteroxéneo; entre sillares da mesma variedade litolóxica é frecuente que existan variacións importantes na súa textura, porosidad, etc., o que condiciona un distinto grao de penetración e distribución dos produtos de tratamento no seo da pedra e, por tanto, unha diferente durabilidade. Iso obriga a que, cando se expón unha intervención na que se deben aplicar produtos a unha determinada pedra, requírase sempre unha experimentación previa, para ver como se comportan os sistemas pedra-tratamento seleccionados. Por todo iso, é importante remarcar que, ante a falta de elementos de xuízo que permitan seleccionar un tratamento cunhas garantías mínimas, é preferible non aplicar tratamentos ou facelo só cando sexa absolutamente imprescindible. Desta forma, contéplase o tratamento da pedra como unha acción ordenada de operacións adecuadas ás diferentes necesidades, en lugar dun proceso único. Unha conservación efectiva require en primeiro lugar a identificación do mecanismo de deterioración, a continuación, un proceso de limpeza (que estes casos inclúe preconsolidación, e un tratamento biocida) e cando sexa necesaria, unha consolidación. Posteriormente, se o ambiente agresivo non cambiou, fai falta unha protección que evite unha nova deterioración. Ademais destas etapas principais cabería considerar outras actuacións por exemplo reintegracións matéricas. Para eliminar o biodeterioro realizarase un tratamento que consista na erradicación dos organismos por medio de biocidas. Con todo, co tempo os materiais pétreos poden ser novamente colonizados, por tanto estes métodos resultan útiles durante un certo período de tempo, sendo importante levar a cabo un mantemento do edificio despois. A limpeza da pedra ten como obxectivo eliminar da súa superficie a sucidade e os produtos nocivos, é dicir, aqueles que aceleran a súa deterioración. Tamén debe mellorar a percepción estética do edificio, procurando achegala á que tiña orixinalmente. A limpeza condiciona tamén as etapas de intervención posteriores, e debe ter as seguintes características: A acción limpadora debe ser suficientemente lenta como para permitir que o restaurador poida controlar os seus efectos. O método empregado non debe xerar produtos prexudiciais para a conservación da pedra, e este método non debe producir abrasiones, microfracturas ou modificacións do relevo superficial da pedra que faciliten a súa posterior deterioración. Cando non exista policromía vai utilizar a limpeza con auga. É o método máis simple e con el téntase disolver os compostos solubles e abrandar os que non o son, para terminar arrincando a sucidade con medios mecánicos suaves (cepillos sintéticos ou de raíz suaves)

Estes criterios expostos son sobre a base de que as intervencións nas zonas xerais que se van a realizar son a eliminación do biodeterioro e a limpeza, pero existen uns criterios máis xerais que indicamos a continuación e que terán que ser compartidos en todas as zonas de intervención, incluíndo as protagonistas deste proxecto, os elementos singulares situados nos ámbitos de actuación descritos no capítulo dous deste texto. Por todo iso, é importante remarcar que, ante a falta de elementos de xuízo que permitan seleccionar un tratamento cunhas garantías mínimas, é preferible non aplicar tratamentos ou facelo só cando sexa absolutamente imprescindible. Desta forma, contéplase o tratamento da pedra como unha acción ordenada de operacións adecuadas ás diferentes necesidades, en lugar dun proceso único. Unha conservación efectiva require en primeiro lugar a identificación do mecanismo de deterioración, a continuación, un proceso de limpeza (que estes casos inclúe preconsolidación, e un tratamento biocida) e cando sexa necesaria, unha consolidación. Posteriormente, se o ambiente agresivo non cambiou, fai falta unha protección que evite unha nova deterioración. Ademais destas etapas principais cabería considerar outras actuacións por exemplo reintegracións matéricas. Para eliminar o biodeterioro realizarase un tratamento que consista na erradicación dos organismos por medio de biocidas. Con todo, co tempo os materiais pétreos poden ser novamente colonizados, por tanto estes métodos resultan útiles durante un certo período de tempo, sendo importante levar a cabo un mantemento do edificio despois.

A limpeza da pedra ten como obxectivo eliminar da súa superficie a sucidade e os produtos nocivos, é dicir, aqueles que aceleran a súa deterioración. Tamén debe mellorar a percepción estética do edificio, procurando achegala á que tiña orixinalmente.





A limpeza condiciona tamén as etapas de intervención posteriores, e debe ter as seguintes características: A acción limpadora debe ser suficientemente lenta como para permitir que o restaurador poida controlar os seus efectos. O método empregado non debe xerar produtos prexudiciais para a conservación da pedra, e este método non debe producir abrasiones, microfracturas ou modificacións do relevo superficial da pedra que faciliten a súa posterior deterioración. Cando non exista policromía vai utilizar a limpeza con auga. É o método máis simple e con el téntase disolver os compostos solubles e abrandar os que non o son, para terminar arrincando a sucidade con medios mecánicos suaves (cepillos sintéticos ou de raíz suaves)

Estes criterios expostos son sobre a base de que as intervencións nas zonas xerais que se van a realizar son a eliminación do biodeterioro e a limpeza, pero existen uns criterios máis xerais que indicamos a continuación e que terán que ser compartidos en todas as zonas de intervención, incluíndo as protagonistas deste proxecto, os elementos singulares situados nos ámbitos de actuación descritos.

O proxecto inclúe fichas de diagnose do estado de conservación. Como ferramentas para a diagnose se utiliza, xunto á información que se derive das analíticas, e dos datos que se tomen dos aparellos de medición, as fichas de diagnoses na que se almacenará a información exhaustiva derivada dun minucioso exame visual e facilitará unha revisión rápida e constante da información que pode ser facilmente modificable ao longo do proceso de restauración que se propoña, e os mapas de alteración onde se visualiza, a través da cor, onde se sitúan os graves problemas a tratar.”

Asimesmo propoñen procedementos para a restauración:

- *Traballos previos: revisarase as fichas de diagnose e mapas de alteración co obxecto de redefinir o estado de conservación. Determinarase a temperatura e humidade relativa e puntual nas zonas a redefinir.*
- *Toma de mostras: que estarán dirixidas a dous aspectos importantes, o estudio da policromía e a presenza de sales.*
- *Análises de resultados: unha vez obtidos os resultados da toma de mostras, levaranse a cabo as catas de limpeza e consolidación.*
- *Consolidación: proponse unha resina acrílica en auga-alcol ao 50% nunha disolución do 20%.*
- *Eliminación da pátina biolóxica: aplicando herbicida en plantas superiores para a súa eliminación, e pulverizando biocida por toda a superficie pétreo. A limpeza con brochas, perrillos e hisopos en seco e con pulverizadores e esponxas en húmido ata eliminar sucidade e restos de biocida.*
- *Limpeza: con disolventes, realizando probas con mezclas segundo o test de Feller e de Cremonesi.*
- *Eliminación de elementos metálicos: de xeito manual, evitando vibracións. En manchas, utilizarase ácido oxálico ao 8%.*
- *Eliminación de embolsamentos: mediante a inxección de morteiro específico de restauración.*
- *Eliminación do rexuntado: por medios manuais sen emitir vibracións. Tamén eliminando material biolóxico.*
- *Inxección de zonas saíntes: con morteiro de inxección e pechado con cal hidráulica.*
- *Encintado de xuntas: con morteiro específico formulado para a Catedral.*
- *Reintegracións volumétricas: nas zonas determinadas previamente, con resina acrílica e pó de pedra.*
- *Hidrofugación: aplicando en superficie un impermeabilizante líquido incoloro con propiedades de transpiración.*

A continuación se relacionan ás **intervencións arqueolóxicas** contempladas no proxecto de control arqueolóxico presentado polo equipo SÍNCRISIS da USC:





- *Estudo estratigráfico vertical da cabeceira e muro de peche da Quintana.*
- *Estudo histórico-artístico final.*
- *Análise de morteiros*
- *Sondaxes arqueolóxicos na terraza da xirola baixa.*
- *Control arqueolóxico de traballos de remoción de cantería.*
- *Estudo histórico-artístico final.*
- *Proxecto, informes e memoria arqueolóxica final*

As actuacións arqueolóxicas relacionadas contan co informe favorable do Servizo de Arqueoloxía de data 13.09.2019. Con anterioridade ao inicio dos traballos, a empresa adxudicataria da obra e o arqueólogo director que se designe deberán solicitar a correspondente autorización á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A finalidade das actuacións previstas é afondar no coñecemento das características construtivas históricas da fábrica na que se vai intervir ademais de investigar sobre a evolución histórica do monumento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Tense en conta a seguinte normativa e lexislación:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016)*
- *Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español (BOE núm. 155 do 29.06.1985 e corrección de erros no BOE núm. 296 do 11.12.1985)*
- *Decreto 93/2017, do 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía (DOG núm. 192 do 09.10.2017)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*
- *Acordo marco e Convenio de colaboración do 17.04.1985 entre a Xunta de Galicia e os Bispos das dioceses que abranguen o territorio da comunidade autónoma de Galicia, do 17 de abril de 1985 (DOG núm. 107 do 05.06.1985)*
- *Acordo da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica de 1992 de creación da "Subcomisión da conservación do patrimonio histórico e documental da Igrexa de Galicia".*
Decreto 84/2017 do 3 de agosto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica

2. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Co conxunto de proxectos complementarios integrantes do proxecto xunto coa relación de estudos e traballos que se ten previstos realizar no orzamento así como as memorias finais tanto da intervención arqueolóxica como arquitectónica e de restauración, considérase que o nivel de coñecemento requirido pola lei de patrimonio cultural de Galicia tanto na fase de redacción como de execución das obras aseguran a conservación e afondamento tanto dos valores culturais como patrimoniais da catedral.

Pola complexidade e características das obras de restauración contempladas no proxecto así como pola singularidade do monumento; a Fundación catedral, promotor das obras, promoveu





as mesmas cun enfoque multidisciplinar en consonancia cos enfoques mais avanzados no eido da restauración.

Con carácter previo á realización dos traballos de estabilización do pretil da xirola alta deberá contemplarse pola dirección facultativa das obras as medidas de seguridade estruturais necesarias para evitar que calquera incidencia relacionado cos traballos mencionados podan afectar aos canecillos e columnas entorchadas.

Así mesmo, unha vez que se realicen as analíticas e estudos necesarios para coñecer o estado dos elementos románicos sinalados con anterioridade, o equipo de restauración conxuntamente co resto do equipo multidisciplinar determinarán as características da intervención mais axeitada tendo en consideración a súa capacidade portante. A proposta de restauración final deberá poñerse en coñecemento da DXPC ante da súa execución para a súa aprobación.

Con carácter previo ao inicio dos traballos de limpeza manual deberá realizarse as catas necesarias para determinar o seu nivel de intensidade que en todo caso deberá cumprir os seguintes criterios básicos: harmonizarse coas actuacións anteriores, respectar a pátina histórica do monumento e non eliminar a colonización endolítica existente. Así mesmo deberá minimizarse a achega de auga á fábrica polo que preferentemente utilizarase vapor de auga.

A avaliación da estabilidade dos pináculos barrocos existentes no ámbito da intervención tal e como se recolle na documentación presentada determinarase na fase de execución polo que deberá elaborarse un protocolo no que se especifique as características da intervención que comprenderá como mínimo: parámetros de estabilidade utilizados, sistema de montaxe e desmontaxe e criterios de restauración previstos.

A intervención no patio de Abades non ten un carácter integral pois só se intervén nos paramentos verticais da catedral quedando fora os paramentos verticais da Corticela, pois corresponder a outro ámbito competencial. E, tampouco, se afonda na posta en valor dun espazo de gran interese cultural e patrimonial e escasa calidade ambiental.

Descártase polos arquitectos redactores calquera intervención no sistema de evacuación de augas pluviais da capela maior por estimar que non existen indicios de filtracións na fábrica, aínda que verificarse na fase de execución o seu correcto funcionamento.

No relativo á restauración de elementos escultóricos singulares:

- En relación co contido da proposta, e tendo en conta que a proposta de intervención se entende como de carácter conservativo, estímase que o proxecto se axusta aos criterios técnicos de intervención que garanten o máximo respecto dos bens pertencentes ao patrimonio cultural de Galicia. A partir da documentación existente e da observación dos ámbitos escultóricos singulares do proxecto, a empresa BIC, SL elaborou un informe preliminar, como primeiro diagnóstico donde se definen as súas necesidades e prioridades de intervención.*
- O exame do estado de conservación consistiu en sinalar e enumerar as alteracións ou deterioros presentes na obra, así como as súas causas, para distinguilas de procesos naturais de degradación que non serán obxecto de tratamento. Estas patoloxías foron obxecto de valoración có fin de establecer a incidencia que teñen sobre a variación da composición orixinal da obra, o que determinou como resultado o diagnóstico, como ferramenta previa na proposta de tratamento de conservación/restauración.*
- A proposta establece unha metodoloxía xenérica a seguir que deberá adaptarse ás necesidades que aporten os resultados das analíticas e probas in situ que están pendentes de levarse a cabo e que redefinirán a proposta de restauración.*
- Ditas actualizacións, a súa metodoloxía, procedementos, técnicas e produtos a empregar deberán ser definidos e singularizadamente documentados previamente á intervención, e postos en coñecemento da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a súa supervisión e correspondente autorización.*
- Deberán tomarse as seguintes cautelas:*





Os traballos de conservación-restauración deberán ser realizados por persoas con formación e titulación específica en materia de conservación e restauración de bens culturais.

Comunicarase aos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural o inicio dos traballos de restauración co fin de coordinar as visitas técnicas que se levarán a cabo durante os mesmos.

Manterase a coordinación necesaria cos devanditos servizos técnicos durante a execución dos traballos ante calquera incidencia que poida supoñer unha modificación do proxecto de restauración ou o seu alcance e obxectivos e que estea xustificada na mellor conservación dos valores culturais do ben. Esta modificación deberá ser consultada de forma previa cos servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, no seu caso, someterse á súa correspondente autorización, ficando debidamente documentada.

Tras a finalización dos traballos deberá achegarse unha memoria final técnica na que o técnico responsable da súa execución recolla a descrición de todos os procesos executados, seguindo o modelo do Anexo I das Condicións Xerais para a realización de traballos de restauración, que poderá ser solicitado aos Servizos Técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

CONCLUSIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS

Tendo en conta as consideracións técnicas indicadas, considérase que non existe impedimento a informar favorablemente o Proxecto básico e de execución de Restauración da fachada da Quintana e patios da Porta Santa e Abades, xirola e terraza sobre a tribuna do deambulatorio da catedral de Santiago de Compostela sempre e cando se cumplan as cautelas referidas nos puntos 3, 4, 5 e 8.

En virtude das competencias que lle outorga a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016), a Lei 16/85, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español (BOE nº 155, do 29.06.1985 e corrección de erros no BOE nº 296, do 11.12.1985), así como o resto da lexislación vixente, en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural, sen prexuízo de calquera outro informe sectorial, autorización ou licenza que resulte precisa en virtude da natureza das intervencións, a directora xeral do Patrimonio Cultural adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN

Autorizar a intervención recollida no **PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE RESTAURACIÓN DA FACHADA DA QUINTANA E PATIOS DA PORTA SANTA E ABADES, XIROLA E TERRAZA SOBRE A TRIBUNA DO DEAMBULATORIO DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, promovido pola Fundación Catedral de Santiago, achegado o 19.07.2019 con núm. Rexistro 2019/1572059, coas cautelas sinaladas nos parágrafos anteriores.

Notifíquese esta resolución ás persoas interesadas en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Insua





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 877
patrimonio.cultura@xunta.gal

galicia

Mediante este documento notifícaselle a resolución segundo o esixido no artigo 40 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, pode vostede, na súa condición de persoa interesada, interpor recurso de alzada ante o secretario xeral de Cultura, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte da recepción da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e o artigo 26.3.c da Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Lémbrolle que, como promotor da actuación, é responsabilidade súa dar traslado desta Resolución aos técnicos que van dirixir e realizar a actuación, para os efectos de que os traballos se executen dentro dos límites e conforme aos criterios fixados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural na súa autorización.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2019

Manuel M^a Chaín Pérez
Subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

P.A. M^a Elena Parajó Calvo
Xefa do servizo de arquitectura

(Asdo. dixitalmente á marxe)

Fundación Catedral de Santiago

Casa do Deán, Rúa do Vilar
15705 Santiago de Compostela
A Coruña

 **Xacobeo 2021**

